

A EXPERIENCIA DO ABISMO

Yolanda Castaño, gañadora do III Premio de Poesía Fermín Bouza Brey, ofrécenos en *Elevar as pálpebras*¹ a poetización da cotidianeidade e do mundo adolescente. A obra conforma un canto á realidade diaria marcado pola proximidade cronolóxica da nenez que condiciona a visión do eu poético. Así, a violencia cidadá e o desconcerto adolescente imbrícanse para ofrecer ó lector a crítica do cotián apoiada nunha adxectivación profusa que torna o verso violento e preciosista.

Un eu poético, que se recoñece aínda neno -"eses *nenos que somos*"- pero xa é adolescente, bucea na cidade para amosarnos as contraposicións de dúas concepcións vitais. Todo o infantil é luminoso, maxistral na súa anarquía, colorista. En mundo tan perfecto non se precisan máis normas que as escritas no sangue, no instinto. O desexo de recuperar os xogos, as cancións, a fantasía e a sorpresa é manifestado na saudade pola perda do sentido lúdico que ten a vida nesta etapa

O leito era un tiouvivo de cristais de cores
e soltabamos os cabalos e voabamos tan alto,
e tiñamos por todo son as nosas
risas frescas de sucre.
E todo era xogar...
e non había normas...
E non precisabamos mercar xoguetes prohibidos.

O neno conserva intacta a capacidade total de asombro, o poder de converter coa súa apreciación do mundo primaria, sensorial, o feito máis común en fonte de pracer absoluto, sobre todo cando se relaciona coa oralidade. Así, bebendo leite acada "*Donda paz exquisita/ de dimensión gorentosa*" e o disfrute, ás escondidas, da marmelada convírtese nunha operación de contrabando en "*Sensual alfándega*". Pero a nenez é un estado transitorio que desemboca na adolescencia -"*Migracións internacionais cara novos mapamundis/ de simetrías masacradas*"-, busca errática do propio lugar nun cosmos urbano que é caótico, apresurado, milimétrico. Só cabe, entón, desexar que chegue o mañá, a fin do devalo.

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1995.

Despoxado da infancia, e inmerso no duro tránsito cara a madurez, o eu choca frontalmente coa burocracia que rexe o mundo adulto, a perda dos valores xuvenís - *"Era case neno e berraba por ser alguén máis./ Non pensaba perder unha soa/ proporción./ (...)/ O neno medrou e trocou nun calvo deloírado con/ corenta e oito anos e un soldo razoable"*-, o excesivo encorsetamento normativo, a dureza da urbe. Feitos que o desconcertan -aínda se sente próximo á nenez- e dos que fai, con ollos de recién chegado, unha lúcida crítica. Así, denuncia o sectarismo consumista e mecanicista que nos fai dependentes das máquinas, dos formularios, de normas e regras que antes, como nenos intuitivos, nos eran innecesarias

No recinto de aparatos novidosos amoreábanse devotos

[desnortados,

na percura daquelo que enchese e manexase a súa vida

a troco dunha subordinante

imprescindibilidade.

Cómo medraban pequenos deusiños imperiosamente asoballantes.

Todo isto crea un orbe aséptico, deshumanizado e tórnanos alleos e extraños pese a compartir relacións, intimidades. As diferencias entre ambos mundos son brutais e quedan perfectamente resumidas na mutación que chega a sufrir o compromiso, a unión grupal nun proxecto común -restrinxido agora na desolación pola perda da liga de fútbol- ou sentimentos como o amor. Mentres este é para os nenos un xogo sen regras, ledado e libre

Canta ledicia abranguimos entón,

cando a tarde era

inaprazablemente nosa, e o amor era coma un xogo...

e nós eramos os nenos que somos para

trenzarnos en gargalladas de pracer,

e o leito era unha randeeira

para rir e soñar coma nenos cativos.

para os adultos vólvese, polo exceso de normas que rexen as súas actuacións, mensurable como as marcas deportivas e os records. A autora logra, recurrido á linguaxe administrativa, un dos mellores poemas do libro -"O contrato"- onde se deixa constancia dunha relación amorosa mediante un rexistro legal da mesma. Cubrir impresos, presentar documentos e papel de pagos, ten como fin amosar cómo o exceso de burocracia conleva a perda da espontaneidade nun acto medido e milimetrado con detalle

Logo fixeron con tino a

inscripción legal gozosa no

registro

e antes que vencera o prazo foron acordar a

cota mensual de beixos.

Non se esqueza

que se amaron dende as nove corenta e cinco do vintenove

[de maio

até as sete e tres minutos

dun catorce de setembro.

E, perante o desconcerto urbano, a crise do cambio e o medo ó futuro, o eu poético reflexiona desde o abismo e faise forte coa poesía como arma, feito irrenunciable -"*Indispensablemente abrir as comportas./ Tantas palabras contidas tantos bicos silenciados./ Incorrexiblemente abrir as comportas./ Espertar ó fin á inspiración gozosa./ Indomablemente abrir as comportas.*" Gracias a ela, ese ser atormentado pola errática adolescencia consegue elevarse cara un ceo que sabe inmarcesible.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 667, 30-3-1995, p.25